



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfno: 982 54 11 01/ 96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

No Concello de Paradela existen uns órganos de goberno con competencias decisorias e uns órganos complementarios.

A) OS ÓRGANOS DE GOBERNO con competencias decisorias, son:

- O Alcalde.
- Os Tenentes de Alcalde.
- O Pleno.
- A Xunta de Goberno.

B) OS ÓRGANOS MUNICIPAIS COMPLEMENTARIOS son:

- A Comisión Especial de Contas.

A) ÓRGANOS DE GOBERNO CON COMPETENCIAS DECISORIAS

1.- O Alcalde. O Alcalde é elixido polos Concelleiros por maioría absoluta, podendo ser candidatos os Concelleiros que encabecen os seus correspondentes listas. Se ningún candidato obtén a maioría absoluta, é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivese máis votos.

O Alcalde ten, entre outras, as seguintes atribucións:

- a) Dirixir o goberno e a administración municipal.
- b) Representar ao Concello, dictar bandos e decidir os empates co voto de calidade.
- c) O exercicio de acción xudiciais e administrativas en defensa do Concello nas materias da súa competencia, incluso cando as delegase noutro órgano, e, en caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno, neste suposto dando conta ao mesmo na primeira sesión que celebre para a súa ratificación.
- d) A iniciativa para propoñer ao Pleno a declaración de lesividade en materias da competencia da Alcaldía.
- e) Nomeamento dos membros da Xunta de Goberno, Tenentes de Alcalde, Presidentes e Vicepresidentes de Comisións Informativas, Presidentes das Xunta Municipais, Alcaldes de Barrio, etc.
- f) Como xefe da Administración municipal: dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais; sancionar as infraccións das Ordenanzas municipais;
- g) Aprobación das bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, a xefatura superior do persoal da Corporación, a separación do servizo dos funcionarios e o despedido de todo o persoal laboral.

2.- Os Tenentes de Alcalde. Os Tenentes de Alcalde son nomeados e cesados libremente polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno. No Concello de Paradela o Alcalde pode nomear ata 3 Tenentes de Alcalde. Os Tenentes de Alcalde teñen as seguintes atribucións:

- a) Substitúen ao Alcalde, pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.
- b) As atribucións delegadas polo Alcalde.

3.- O Pleno do Concello. O Pleno do Concello, integrado polo Alcalde e os Concelleiros, é o órgano supremo do goberno e a administración municipal. O Pleno do Concello ten, entre outras, as seguintes atribucións:

- a) O control e fiscalización dos órganos de goberno.
- b) Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais; alteración do termo municipal; creación ou supresión de municipios e das entidades a que se refire o artigo 45; creación de órganos desconcentrados; alteración da capitalidade do municipio e o cambio de nome deste ou daquelas entidades e a adopción ou modificación da súa bandeira, insignia ou escudo.
- c) A aprobación inicial do plan xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos.
- d) A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas.
- e) A determinación dos recursos propios de carácter tributario; a aprobación e modificación dos orzamentos, e a disposición de gastos en materia da súa competencia e a aprobación das contas; todo iso de acordo co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- f) A aprobación das formas de xestión dos servizos e dos expedientes de municipalización.
- g) A aceptación da delegación de competencias feita por outras Administracións públicas.
- h) A formulación de conflitos de competencias a outras entidades locais e demais Administracións públicas.
- i) A aprobación do persoal e da relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos funcionarios e o número e réxime do persoal eventual.
- j) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.
- k) Aqueloutras que deban corresponder ao Pleno por esixir a súa aprobación unha maioría especial.

4.- A Xunta de Goberno. A Xunta de Goberno está composta polo Alcalde e ata 3 Concelleiros como máximo, que son nomeados e separados libremente polo Alcalde. A Xunta de Goberno ten as seguintes atribucións:



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tíno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

- COMPETENCIAS DE ALCALDÍA DELEGADAS EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

a) En materia de urbanismo e licenzas:

- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno, os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

- O outorgamento de licenzas, calquera que sexa a súa natureza, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno.

b) En materia contractual

- A aprobación dos procedementos de contratación e a aprobación dos pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e no seu caso, de Prescricións Técnicas, para as contratacións e concesións de toda clase na que a competencia esté atribuída á Alcaldía, e dicir, cando o importe da contratación non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, nin en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Queda excluída de Delegación a adxudicación á que fai referencia o artigo 151.3 do Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación e concesión a Alcaldía e estean previstas no Orzamento.

- A aprobación das certificacións de obra e facturas, así como dos documentos que verifiquen a recepción do subministro ou, no seu caso a confirmación da prestación do servizo, derivadas, todas elas, dos expedientes citados nos apartados anteriores.

c) En materia sancionadora

- Sancionar as faltas de desobediencia á Alcaldía ou por infracción das Ordenanzas Municipais, excepto cando tal facultade estea atribuída ao Pleno, con exclusión das sancións en materia de persoal.

d) En materia económico financeira

- As autorizacións, disposicións de gastos e recoñecemento de obrigas que dentro das competencias contractuais do Alcalde teñan un importe superior aos 3.000,00 euros.

- O outorgamento de subvencións.

- O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Presuposto aprobado e segundo o disposto nas súas Bases de Execución.

- A organización dos servizos de recaudación e Tesourería, sen prexuízo das facultades do Pleno para aprobar as formas de xestión destes servizos, así como a de aprobar todo tipo de padróns tributarios, fixando o período de cobro en voluntaria.

e) En materia de bens

- A adquisición de bens inmobles e dereitos xuxetos a lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros.

-A enaxenación de bens inmobles, integrantes do patrimonio municipal, que non superen a porcentaxe e contía indicados anteriormente, excepto os declarados de valor histórico ou artístico cuxa enaxenación non se encontre prevista no orzamento.

f) Noutras materias

- A solicitude de subvencións de calquera Entidade Pública ou Privada, na que a competencia non esté atribuída pola Lei ao Pleno.

- A solicitude de delegación de competencias para contratar obras ou servizos de competencia da Alcaldía efectuadas a outras Administracións Públicas.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

COMPETENCIAS DE PLENO DELEGADAS EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

a) En materia contractual

- As competencias como órgano de contratación; a aprobación dos pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e no seu caso, de Prescricións Técnicas, respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados que de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público sexan competencia do Pleno Municipal; excepto os contratos de xestión de servizos públicos que excedan de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento, xa que de conformidade co art. 47.2 j) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, a adopción do correspondente acordo esixe un quórum especial.

Queda excluída de Delegación a adxudicación á que fai referencia o artigo 151.3 do Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o Pleno, aínda cando non estean previstas no Orzamento.

- O nomeamento dos membros das Mesas de contratación nos expedientes de contratacións e concesións.

- A aprobación das certificacións de obras e facturas, así como os documentos que verifiquen a recepción do subministro ou, no seu caso, a confirmación de prestación do servizo, derivadas, todas elas, dos expedientes de contratación e concesión.

b) En materia de bens

- A adquisición de bens inmobles e dereitos xuxetos a lexislación patrimonial cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando o seu importe sexa superior a tres millóns de euros.

- A enaxenación de bens inmobles, integrantes do patrimonio municipal, que superen a porcentaxe e contía indicados anteriormente.

- As enaxenacións patrimoniais de bens inmobles e mobles declarados de valor histórico artístico, non previstos no Orzamento.

Exceptúanse dos apartados 2 e 3 anteriores as enaxenacións de bens que teñan contía superior ao 20% dos recursos ordinarios do Orzamento, suposto no que se require maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para a adopción do acordo.

c) En materia xurídica

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

d) Noutras materias

- As demais que expresamente lle confiran as leis e do que a aprobación non esixa unha maioría especial.

B) ÓRGANOS MUNICIPAIS COMPLEMENTARIOS

Inclúuse como órgano complementario á Comisión Especial de Contas aínda que a súa verdadeira natureza en atención ao artigo 20.1º.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, é a de órgano necesario a quen corresponde informar as contas anuais da Corporación a si como as reclamacións ou reparos que se presenten durante o sometemento das mesmas a información pública.

Presidente: O Alcalde D. José Manuel Mato Díaz.

Vogais: Tres Concelleiros/as designados polo Grupo Municipal Popular.

- D Martín López López
- D^a. María Montserrat Mulet Sar
- D. Jesús Pablo López González

Un Concelleiro/a designado polo Grupo Municipal Socialista.

- D. Guillermo Castro González.